



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exped.: Bolsas de perfeccionamento de estudos artísticos 2020

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DAS BOLSAS DE PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS PARA O ANO 2020

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a resolución do presidente núm. 10190 do 18 de marzo de 2020, modificada pola resolución núm. 10266 do 20 de marzo de 2020, pola que se aproban as Bases reguladoras das bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020.

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 55 do 27 de marzo de 2020

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria das bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por resolución do presidente núm. 10190 do 18 de marzo de 2020, modificadas pola resolución núm. 10266 do 20 de marzo de 2020

2º. O Programa rexeráse polas Bases reguladoras do programa, que foron publicadas no BOP núm 55 do 27 de marzo de 2020 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/03/27/2020_0000002222.pdf).

3º. O prazo iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 27 de maio de 2020 tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do Programa realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exped.: Bolsas de perfeccionamento de estudos artísticos 2020

ANEXO

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria de “Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2020”. O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas residentes na provincia da Coruña que pretendan realizar estudos de perfeccionamento artístico fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que reúnan todos os requisitos sinalados no punto 2 das bases reguladoras .

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de vinte bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva, destinadas a financiar o gasto derivado da realización de estudos artísticos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período 2020-2021, distribuídas nas seguintes áreas:

Área de audiovisual:	2 bolsas
Área de danza e artes do movemento	2 bolsas
Área de ilustración, artes plásticas e visuais	4 bolsas
Área de música	9 bolsas
Área de teatro e interpretación escénica:	3 bolsas

Terceiro. Bases reguladoras

A convocatoria rexeráse polas Bases reguladoras, que foron publicadas no BOP número 55, do 27 de marzo de 2020, (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/03/27/2020_0000002222.pdf).

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 180.000,00 €, con cargo á partida 0612/3262/481 do Orzamento ordinario para 2020. As bolsas a conceder serán 20, por un importe cada unha delas de 9.000,00 €.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes son os establecidos na base 6 das Bases reguladoras.



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exped.: Bolsas de perfeccionamiento de estudos artísticos 2020

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás **14:00 horas do día 27 de maio de 2020**

Sétimo. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das bolsas rematará no prazo dun mes desde a data de finalización dos estudos .

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de "Becas de perfeccionamiento de estudios artísticos para el año 2020". El texto completo del programa puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

Podrán participar en esta convocatoria todas las personas residentes en la provincia de A Coruña que pretendan realizar estudios de perfeccionamiento artístico fuera de la Comunidad Autónoma de Galicia, siempre que reúnan todos los requisitos señalados en el punto 2 de las bases reguladoras.

Segundo. Objeto

El objeto de la presente convocatoria es la concesión de veinte bolsas en régimen de publicidad, objetividad y concurrencia competitiva, destinadas a financiar el gasto derivado de la realización de estudios artísticos fuera de la Comunidad Autónoma de Galicia durante el período 2020-2021, distribuidas en las siguientes áreas:

Área de audiovisual	2 becas
Área de danza e artes do movemento	2 becas
Área de ilustración, artes plásticas e visuais	4 becas
Área de música	9 becas
Área de teatro e interpretación escénica	3 becas



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exped.: Bolsas de perfeccionamiento de estudios artísticos 2020

Tercero. Bases reguladoras

La convocatoria se regirá por las Bases reguladoras, que fueron publicadas en el BOP número 55, del 27 de marzo de 2020 (https://bop.dacoruna.gal/boportal/publicado/2020/03/27/2020_0000002222.pdf).

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 180.000,00 €, con cargo a la partida 0612/3262/481 del Presupuesto común para 2020. Las becas a conceder serán 20, por un importe cada una de ellas de 9.000,00€.

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes son los establecidos en la base 6 de las Bases reguladoras.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña y finalizará a las **14:00 horas del día 27 de mayo de 2020**.

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las bolsas finalizará en el plazo de un mes desde la fecha de finalización de los estudios.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sed electrónica de la Diputación provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>